

Alexandre Rodriguez Guerra
Universidade de Vigo; xandre@uvigo.es

Parámetros (co)implicados na ordenación de constituíntes oracionais en latín*

É xa un lugar común que calquera aproximación á ordenación de constituíntes da oración latina ten que adoptar unha perspectiva multifactorial. Este enfoque é aínda máis necesario se o obxectivo é enxergar a evolución histórica do camiño que levou do latín ó romance (galego). Alén de factores como as variacións diamésica, diatópica e cronolóxica, ou doutros como o carácter formulístico, os recursos literarios, algunhas construcións específicas (Adams, 1976) ou o da propia autoría, convén realizar unha revisión de conxunto daqueles aspectos que dende a ribeira estritamente lingüística axudan (in)directamente a interpretar adecuadamente todos os datos relativos á ordenación dos constituíntes oracionais S, O e V en latín. Así, para o portugués actual o propio M. Vilela enuncia unha serie de elementos que poden condicionar a ordenación de constituíntes: “o tipo de estrutura, a construción do campo frásico, a ligazón valencial, o valor do elemento frásico, o ritmo e o valor comunicativo (inclusive o seu grau de determinación)” (1999: 391). Factores que non se afastan moito dos seis sinalados por H. Pinkster (1995) para o latín: número de constituíntes, función sintáctica, función pragmática, clase de elementos, estrutura interna e tipo de oración. O obxectivo das páxinas que seguen é, precisamente, recompilar criticamente algúns destes parámetros (cfr. con Rodríguez Guerra, no prelo).

1. A contorna do obxecto

1.1. Marca sintáctica sintética e liberdade posicional

P. Ramat nos seus comentarios das inscricións pompeianas, alén da peculiar natureza dun corpus homoxéneo cronolóxica e sociolingüisticamente, ofrece dous argu-

* A presente colaboración, desenvolvida ó abeiro do proxecto *Gramática Histórica Galega* - que, con financiamento da Xunta de Galicia, dirixe no Instituto da Lingua Galega Xavier Varela Barreiro -, complementa o noso artigo citado como ‘no prelo’. Agradezo dende estas liñas tanto os atinados consellos de R. Mariño e F. Ledo coma a amable e cara invitación para participar nesta merecidísima homenaxe ó profesor Mário Vilela.

mentos básicos para xustificar a notable liberdade dos constituíntes oracionais: o primeiro céntrase en que o latín pompeiano é unha fase lingüística intermedia, o segundo subliña que o latín, lingua flexiva, careceu sempre dunha orde rixida porque “ogni elemento della frase recava in sé la marca grammaticale della sua funzione” (1984: 140). A propósito desta afirmación, que entronca con toda a tradición gramatical que destacou sempre a liberdade dos constituíntes oracionais latinos ó abeiro da marcaxe casual, lembra Calcante (2000: 44-45) que, aínda que a latina sexa unha lingua con marca sintáctica sintética no ámbito nominal (caso) e isto exima a orde de constituíntes dese labor de marcación de función sintáctica, hai uns límites para a liberdade da segmentación e/ou disposición dos constituíntes: (i) estruturas moi complexas neste sentido “comportano un carico della memoria a breve termine maggiore di quello prodotto dalle più diffuse strategie a ordine non marcato” (2000: 45); e (ii) mesmo pode ocorrer que exista unha notable dificultade perceptiva na decodificación da mensaxe que dificulte “segmentare correttamente la frase individuando i confini [dos distintos marcos predicativos ou funcións sintácticas]” (2000: 46); cfr. *infra* §1.2.

H. Pinkster (1993) realiza un bo resumo da interrelación en latín entre caso e preposición e, despois de sinalar que a distinción grafo-fonética entre acusativo e ablativo non se realizaba aproximadamente dende mediados do século II d.C, precisa que xa no propio período clásico existía un notable sincretismo entre as distintas desinencias casuais. Á vista deste panorama conclúe que “la nécessité des formes compensatoires se faisait fortement sentir” (1993: 241). Ademais de destacar que a frecuencia con que aparecen as preposicións depende, entre outros factores, do tema e do tipo de texto, os datos que ofrece Pinkster poñen de manifesto que na prosa de César a proporción no uso de sintagmas nominais (non) adposicionais é favorable por 85:15 ós non adposicionais, na P.E. a relación é de 75:25 e nas linguas romances, aproximadamente, a relación é de 50:50. Como conclusión parcial Pinkster confirma que no período que vai ata comezos do s. V d.C. se comproba a progresiva diminución dalgunhas desinencias casuais e que as adposicións van gañando terreo, sobre todo nalgúns contextos específicos. Agora ben, todo o anterior non xustifica, nin moito menos, que se estableza unha relación de causa-efecto entrambas as opcións de marcaxe, de aí que Pinkster insista en que é preferible non “considérer les déclinaisons et les prépositions comme des vases communicants” (1993: 243).

Valéndonos da exhaustiva información recollida no traballo de M. Théoret (1982) podemos observar cal é a distribución nos discursos de Cicerón da concorrencia entre a marca sintética (caso) e a analítica (preposición). Ofrecemos no seguinte cadro -de elaboración propia- os resultados segundo os oito grupos manexados por el:

-Cadro 1-

	Dativo/ <i>ad/in</i> + Ac.	Dativo/ <i>ab/de</i> + Abl.	Ablativo/ <i>ab/de/ex</i> + Abl.	Ablativo/ <i>in</i> + Abl.	Acusativo/ <i>ad/in</i> + Ac.	Acusativo/ <i>ab/de/ex</i> + Abl.	Xenitivo/ <i>de</i> + Abl.	Outras concor- renciais
%	XV/VX	XV/VX	XV/VX	XV/VX	XV/VX	XV/VX	XV/VX	XV/VX
MC	75,1/24,9	74,6/25,4	80,3/19,7	90,3/9,7	81,8/18,2	88,1/11,9	74,2/25,8	80/20
MP	87,1/12,9	90,6/9,4	78,8/21,2	77,9/22,1	66/34	82,6/17,4	62,1/37,9	69/31

[MC: Marca casual; MP: Marca preposicional; X: Constituínte (pro)nominal MC-MP; Ac.: Acusativo; Abl.: Ablativo; V: Verbo.]

E en todos os grupos (MC e MP) a orde de constituíntes menos marcada sitúa sempre V á dereita do constituínte nominal. Agora ben, non podemos obviar os seguintes factores¹: (i) as grandes diferenzas que hai entre os grupos, tanto coa MC (ata 16 puntos de separación entre o máximo e o mínimo) coma coa MP (ata 28 puntos de diferenza); (ii) dos oito grupos só nos dous primeiros hai unha porcentaxe maior de XV coa MP ca coa MC, nos outros seis sempre hai unha maior presenza relativa de XV coa MC ca coa MP; (iii) non é casualidade que neses dous primeiros grupos a marca de caso que interveña sexa a de dativo, nin tampouco o é que un 36,3% dos casos de MC e un 29,2% de MP sexan pronomes²; (iv) no corpus manexado existe algún exemplo individual (*adire*) en que mentres con marca casual, XV supón un 90,6% dos exemplos, con MP baixa ata o 58,3%. En consecuencia, e a falta de estudos máis fondos sobre este particular, estamos certos de que o progresivo aumento da opción analítica (prepositiva) como marca de función sintáctica coadxuvou no proceso gradual de reinterpretación da(s) orde(s) menos marcadas en latín.

A segunda das afirmacións de Ramat (cfr. *supra*) débemola relacionar con outra segundo a cal a orde dos tres elementos oracionais básicos (S, V e O) “sempra essere indipendente dall’eventuale perdita della desinenza” (1984: 139). E. Magni (2000) nun magnífico traballo demostra que a anterior afirmación non é fiel reflexo da realidade pois, tras unha análise exhaustiva de 76 oracións³ descobre que non se emprega a marca do caso acusativo no 23,6% dos obxectos na orde (S)OV e no 50% coa orde (S)VO. A desproporción é clara e evidente e, como sinala a investigadora italiana, necesita explicación⁴.

A interpretación tradicional do cambio (S)OV>(S)VO sitúa entre as causas do mesmo (i) a erosión do sistema fonético, (ii) que debilita a (xa de por si feble) morfoloxía casual e (iii) o sistema reacciona gramaticalizando unha ordenación máis ríxida

¹ É certo que en ningún destes casos de concorrencia, aínda que se movan na vertente da argumentalidade, intervén o $CDIR_{(ac.)}$ en estruturas prototipicamente transitivas (xustamente as que conforman a maioría dos esquemas que interveñen nos cómputos de S, V e O).

² Mentres que cos outros seis grupos só o 8,1% de MC e o 8,6% de MP son pronomes.

³ Constituídas por obxectos non pronominais, tres subordinadas de relativo en cada grupo e contadísimas expresións estereotipadas que exclúen versificacións e proverbios.

⁴ Malia a regularidade con que o $CDIR$ posúe na P.E. o <-m> final, que V. Väinänen interpreta en termos de coñecemento dunha regra, o mesmo Väinänen subliña que “l’absence de -m est sans doute en rapport avec l’antéposition de l’objet” (1987: 20) sen que, iso si, se ofrezan porcentaxes de tal comportamento.

(S)VO (cfr., por exemplo, Vennemann, 1974). Magni pola súa banda, despois de confirmar que, efectivamente, a orde SVO se converteu en obrigatoria ó lle faltar a marca casual a O, sospeita que realmente interviñeron outros factores que puideron influír na fixación de V entre os sintagmas nominais e “*consequentemente*, l’indicazione dell’acusativo sia divenuta superflua” (2000: 8; a cursiva está no orixinal).

Con todo, unha cousa é que esteamos falando en termos de única causa xustificativa -explícita Pinkster ó sinalar que “est très difficile d’admettre un rapport causal dans une seule direction” (1993: 247)- e outra negar que, no percorrido histórico do latín, a flexión nominal, cos seus reflexos sintácticos e pragmáticos, (ou os mesmos procesos fonéticos en marcha) non xogan un papel importante. Máis que unha relación causa-efecto unidireccional debemos pensar nun mecanismo complexo con múltiples engraxes que, movéndose, provocan progresivamente non só unha resituación dalgunhas desas mesmas engraxes (entre as que se contarían, por suposto, MC e MP), senón tamén un desprazamento global, por cativo que sexa, do mecanismo que, á vez, interactúa con outro(s).

1.2. Caracterización semántico-categorial do obxecto

Alén doutros investigadores, en Bolkestein (1989: 25) podemos ler que “there is a correlation between category and word order”. Tal aseveración baséase nos resultados recollidos no cadro 2:

-Cadro 2-

-Cadro 2’-

%	Cic. FN/AcI/ quod	Livio (<i>dicere, imperare</i>) AcI/ut	Cic., Caes. Livio (<i>facere, efficere</i>) Dobre ac./ ut	Teren. C. Inf.	P.B. C.Inf./ C.Conx	H.A. (A) Subst./ C.Inf./ C.Conx.	Brau C.Conx.
OV	79/32/15,7	84/6,5	89,7/23		77,8/	47,4/24,3/10,4	37
VO	21/68/84,3	16/93,5	10,3/77	100	22,2/100	52,6/75,7/89,6	63

[AcI: Acusativo con infinitivo; C.Inf.: Completiva de infinitivo; C.Conx.: Completiva con conxunción; Subst.: Substantivo]

A acusada tendencia que reflicte o cadro 2, coa preferencia da subordinada con verbo finito (oración con *quod* ou *ut*) pola posposición ó verbo (V é sempre principal), relaciónaa Bolkestein coa distribución da información na estrutura oracional e, en principio, as maiores (fronte ás estruturas de verbo non-finito ou ás frases nominais) posibilidades de conter máis constituíntes periféricos.

Da información tanto do cadro 2 coma de 2’ convén realizar unha lectura que subliñe (i) sempre que O é un constituínte ‘pesado’, neste caso, unha completiva con conxunción, verbo finito e con complementos propios, temos que (á vista dos datos e con independencia da época ou do autor) a súa posposición a V é case sistemática; (ii) sospeitamos non trabucarnos moito na interpretación dos feitos se destacamos que, no progresivo devalar do obxecto cara á dereita de V, foron as completivas de infinitivo (non con todos os verbos por igual) e en xeral os obxectos con complexidade interna

(cfr. *infra*) os que continuaron a tendencia; (iii) finalmente, debeu de ser o resto de obxectos nominais ($CDIR_{(ac.)}$), os que máis lentamente foron mudando a súa preferencia situacional (e dentro deles con distinto comportamento segundo os parámetros de animación e/ou definición, cfr. §1.2.1.).

Non podemos esquecer, como moi atinadamente lembra Belén López, que “La preferencia de los elementos más complejos o ‘pesados’ por situarse a la derecha es uno de los principios de los que se ayuda la tipología para explicar las tendencias universales de distribución de los elementos en la cláusula” (1997: 62-3, n. 12). Para Nocentini que o obxecto ‘pesado’ prefira a posposición débese a que “occupa cioè la posizione rematica in virtù del suo maggior carico d’informazione” (1990: 156). Bauer (1995) xustifícao en termos de que un O ‘pesado’ situado á esquerda do verbo complexizaría antieconomicamente os mecanismos de comprensión do falante, e Zamboni observa que un O ‘pesado’ anteposto ó verbo “appesantirebbe per così dire il ritmo della frase” (1998: 105)⁵.

Dende a perspectiva histórica non podemos esquecer que, se nun principio a meirande parte dos obxectos latinos eran ou nominais ou AcI, co paso do tempo foron gañando terreo as C.Conx. fronte á opción do AcI. Así a todo, é certo que as últimas investigacións relativizan o retroceso do AcI fronte ó avance de C.Conx. en latín tardío, en palabras de Roca Alamá “El retroceso del AcI en latín tardío, aunque destacado por la *communis doctrina* que reflejan las gramáticas latinas, es más aparente que real: sigue siendo en general la construcción mayoritaria hasta la llegada de las lenguas romances” (2003: 173); ou, como di Zamboni este cambio “si estende lentamente senza tuttavia mai generalizzarsi” (1998: 106)⁶. Porén, salientamos que (i) o aumento das C.Conx., aínda que paseniñamente, existe; e (ii) unha completiva de infinitivo tamén pode constituír unha unidade ‘pesada’ (cfr. *infra*)⁷.

Mentres unha oración completiva admite *in se* unha caracterización como construción ‘pesada’, e como tal opta prototípicamente pola posposición ó verbo, non é menos certo que outras unidades, frásticas por exemplo, tamén permiten un elevado grao de complexización interna (recursividade) o que, consecuentemente, tamén as pode converter en unidades ‘pesadas’. O xa mencionado Nocentini (1990) manifesta que, en realidade, o criterio que amosa a súa pertinencia á hora de explicarmos a orde VO na P.E. é o de que teñamos un obxecto ‘pesado’, con independencia de que o obxecto (con núcleo verbal ou non) leve como modificador unha subordinada de relativo (89,6% de posposicións ó verbo), un xenitivo (75,5% de posposicións) ou de que dependa dun participio ou dun xerundio (72,1% de VO). A suma total das formas ‘pesadas’ do obxecto, que se converte xa que logo no factor decisivo, explica segundo Nocentini (1990: 153) o 66% dos exemplos de posposicións do obxecto ó verbo na P.E. Non esquezamos tampouco que, como nos confirmou en comunicación persoal Xavier

⁵ A fin de contas cousa semellante é a que acontece na frase galega actual coa ordenación dos modificadores: segundo aumenta a complexidade do modificador a súa localización prototípica vai situándose máis cara á dereita ([núcleo] + frase adxectiva + frase preposicional + subordinada de relativo).

⁶ A teor da situación que amosa a P.E. no s. V aínda asistimos ó proceso de consolidación da opción conxuntiva.

⁷ Non perdamos tampouco de vista a información dos cadros 2 e 2': en Cic., TREN. e H.A. as completivas de infinitivo elixen maioritariamente a posposición ó verbo.

Varela, segundo nos achegamos ás etapas romances do galego, aumentan significativamente as posibilidades de complexización interna no nivel da frase.

Mais non acaba aquí a pertinencia do tipo de unidade do obxecto á hora de aproximarnos á orde dos constituíntes da oración latina. B. López, como veremos máis abaixo, argumenta a escolla de S e O nominais (non pronominais) no prototipo de oración básica “pues el uso de pronombres, dado su carácter deíctico, implica presuposición” (1997: 49). Baséase B. López no mesmo parámetro empregado por T. Givón de maior ou menor presuposición discursiva o que aumenta a súa dependencia contextual. De observarmos os datos de dous autores como TER. e TERE. hai case vinte puntos de diferenza entre o obxecto nominal (72,9% de OV) ou pronominal (91,7% de OV) en TER. e case dez en TERE. (respectivamente, 74,1% e 65,6% de VO). A xeito de recapitulación, e á marxe de que a tendencia do pronome sexa a de anteposición ou posposición a V, o relevante é que habitualmente apareza a carón de V, que o seu devir posterior será o de cliticización e, neste sentido, o seu comportamento demostra unha especificidade fronte ó obxecto léxico (cfr. Adams, 1976).

1.2.1. A animación do obxecto

Como moi ben lembra Magni (2000) nas predicacións transitivas prototípicas o sintagma nominal máis animado adoita preceder o menos animado e, calquera desviación do tipo máis ‘natural’ interprétase como unha construción máis marcada. Do mesmo xeito, dende a perspectiva pragmática, a tendencia é a de anticipar o elemento temático diante do remático e, como o tema prototípico é o *sux*, a posición ‘natural’ que lle corresponde é a inicial. O sistema desinencial latino non sempre permite desambiguar nidiamente axentes e pacientes non prototípicos (dende a perspectiva da axentividade e da pragmática). Ademais, polo que se refire ó primeiro dos parámetros o sistema latino segundo Magni é fortemente asimétrico porque consonte a xerarquía da animación (cfr. Rodríguez Guerra, 2000) mentres os medios para distinguir os chanzos xerarquicamente máis altos son perfectamente claros (pronomes de primeira e segunda persoa) os que se sitúan nos chanzos máis baixos (sintagmas nominais inanimados) teñen serios problemas de identificación (á parte doutros coñecidos sincretismos do sistema morfolóxico latino, nos inanimados neutros nominativo e acusativo coinciden formalmente). Así, un exemplo como *ferrum inimicum necat* (SOV) séntese como marcado pola presenza dun *sux* [-animado], aínda que [+axentivo], e tamén pola alta animación do obxecto (paralelamente *inimicum ferrum necat* (OSV) seguiría sendo unha estrutura moi marcada e, como tal, pouco clara). A solución menos custosa para o sistema, sempre segundo Magni, pode pasar pola especial ordenación dos pacientes non prototípicos que se situarían, daquela, á dereita do verbo: *ferrum necat inimicum*⁸. Nestas coordenadas atopa Magni a fenda pola cal o sistema tipolóxico latino entendido como preferentemente SOV empezou a demostrar verdadeiros síntomas de debilidade. Segundo esta hipótese foron os sintagmas nominais *CDIR* máis atípicos (isto é, con maior

⁸ A pertinencia en latín de parámetros como a axentividade, a capacidade de control ou a non individuación compróbanse tamén, por exemplo, no ámbito do suxeito cando este é o único argumento nunha predicación, e que, xunto a outras propiedades do estado de cousas oracional, posibilita comprender o porqué da secuencia VS.

grao de animación e, progresivamente, tamén [+definidos]) os que antes comezaron a desviarse á dereita do verbo. Os feitos recollidos en I.Po. semellan avalar esta idea:

- (i) Os pronomes en acusativo (que non se verían afectados en principio por problemas de sincretismo nominativo/acusativo no singular) manteríanse máis tempo en posición preverbal: isto cúmprese en I.Po. no 77,3% das ocasións.
- (ii) Nas estruturas (S)V.O. o obxecto é maioritariamente animado: en I.Po. isto acontece no 76,3% das ocasións (para avaliar correctamente esta cifra convén lembrar que só o 36% dos CDIRS en latín eran animados -64% de inanimados- (cfr. Rodríguez Guerra, 2000). No caso de (S)OV só o 15,7% dos CDIRS son animados.
- (iii) Ademais, a marca de acusativo cos CDIRS animados na orde (S)V.O. alcanza o 36,8% dos casos, fronte ó 2,6% dos CDIRS animados presentes en (S)OV.

Magni non dubida en interpretar esta rede lingüística de interrelacións en termos de conversión da colocación do CDIR á dereita do verbo nun índice funcional co que a marca de caso sería completamente prescindible. De ser isto así as repercusións serían moitas porque “non sarebbero soltanto i fattori fonetici a decidere il destino delle consonanti finali” (Magni, 2000: 14). Así a todo o desprazamento para á dereita do verbo dos obxectos en latín non é máis ca un punto de chegada dun proceso de cambio moito máis amplo (cfr. *infra*).

O verdaderamente transcendental da hipótese de Magni é que diseña unha explicación xeral do cambio sintáctico (no nivel que nos ocupa) segundo o cal “cambiano i criteri in base ai quali si decide il rapporto testa-modificatore” (2000: 27). Na súa lectura dos feitos, ó longo da historia da lingua latina foi callando cada vez con máis forza un novo criterio de distribución estrutural dos constituíntes (frásticos e oracionais) baseado nos parámetros de “individuazione / definitezza / animatezza del referente” (2000: 31). A intervención deste principio afectou á colocación de calquera modificador (adxectivo, xenitivo, relativas...) que se caracterizase cos trazos devanditos. Entre eles inclúense, obviamente, os CDIRS e os suxeitos menos prototípicos e “Da questo momento la sequenza SVO è divenuta più frequente e sempre meno marcata, avviando un processo di grammaticalizzazione dell’ordine dei costituenti frasali” (Magni, 2000: 31). Neste sentido, o latín fotografado en I.Po. atópase nunha fase intermedia que permite descubrir as motivacións das novas escollas “prima del completamento del processo e del definitivo fissarsi delle nuove strutture romanze” (Magni, 2000: 31).

2. A contorna da predicación

(a) *Predicación principal ou subordinada*. Sempre se chamou a atención sobre a distinta proporción estatística das ordes OV/VO en función da súa inclusión nunha predicación principal ou nunha subordinada. Ben é verdade que na meirande parte das ocasións os estudosos conxugan este dato coa posición (non) final de V e non tanto coa orde relativa dos constituíntes. No cadro 3 reproducimos información sobre esta última:

-Cadro 3-

%		OV		VO	
		Ppal.	Sub.	Ppal.	Sub.
III-II a.C.	PLAUT.	55,3	67,8	44,7	32,2
II a.C.	TER.	76,6⁹		23,4	
I d.C.	PETR.	57,6	82	42,4	18
II d.C.	TEREN. ¹⁰	18,2	70	81,8	30
IV-V d.C.	P.B.	71,4	100	28,6	
V d.C.	P.E. (A)	20		80	
	(B)	28,3	41,6	71,7	58,4
VI d.C.	A.V. (A) ¹¹	41,3	77,8	58,7	22,2
VII d.C.	BRAU.	68,2	79,5	31,8	20,5
IX d.C.	C.F.	20	84,6	80	15,4

[Ppal.: Principal; Sub.: Subordinada]

Como se pode observar a través dos datos precedentes confírmase (i) que as predicacións subordinadas sempre tiveron unha proporción máis alta de OV cás principais; (ii) que a diferenza é como mínimo de dez puntos e, nalgún caso chega a ser de máis de corenta (A.V.¹²) ou mesmo de máis de sesenta puntos (C.F.); (iii) que nas oracións principais foi onde se constatou o progresivo avance da opción VO, (opción que, en calquera caso, nunca baixou no corpus consultado de case a cuarta parte dos exemplos)¹³; (iv) que nas subordinadas, fóra do caso da P.E. (B), á vista dos datos precedentes non se pode falar de evolución senón máis ben de mantemento na preferencia por OV (cfr. co seguinte parágrafo); (v) que no único caso en que a información do obxecto inclúe o eido pronominal (TEREN.) comprobamos que o seu comportamento subliña as directrices sinaladas anteriormente mais afondando quiasticamente nas mesmas: catro de cada cinco exemplos en oracións principais presentan o pronome posposto ó predicado, en sete de cada dez oracións subordinadas vai anteposto¹⁴.

Consonte o sinalado en (iv) cómpre esfarelar un pouco máis a realidade da subordinación. Daquela, compróbase que as subordinadas que en H.A. amosan unha maior regularidade na colocación de V na fin se ordenan, en (A): condicionais co 77,1%, de

⁹ Oracións principais con obxecto nominal (non pronominal). Segundo Moreno Hernández (1989) é case o 67% das oracións principais predicativas a que posúe a orde OV.

¹⁰ Estas porcentaxes inclúen só o obxecto pronominal (CDIR e CIND).

¹¹ En (B), só oracións principais con verbo finito, o resultado é: OV 8,3%; VO 91,7%.

¹² Sobre esta distribución en A.V. chama a atención Bauer (1995) quen, nas súas conclusións, lembra que o verbo en posición final aínda persiste durante bastante tempo nas estruturas subordinadas.

¹³ Verbo da P.E. lembra Nocentini que "le innovazioni relative all'ordine delle parole si verificano nelle prime, [principais] mentre le seconde [subordinadas] o restano invariate o si allineano in ritardo" (1990: 152).

¹⁴ Cousa parcialmente distinta ocorre cando o obxecto é nominal xa que, a propósito do latín de TEREN., comenta Adams que, fronte ás principais, "in subordinate clauses the incidence of OV does not increase" (1977: 69).

relativo co 69,9% e as finais con *ut* co 71,8% de verbo final, e en (B): condicionais co 90,2%, interrogativas co 88,9% e de relativo co 78,7% de verbo final (cfr. Puche López, 1993). Cómpre advertir, pois, que o comportamento non é homoxéneo e que son as condicionais e as relativas as que maior regularidade de V na fin posúen. En PETR. algo máis do 25% das oracións subordinadas coa orde OV son de relativo (cfr. Hinojo, 1985). Ademais, convén precisar da lingua da P.E. (i) que o 50% dos exemplos de OV segundo Adams (1976), o 66% para Hinojo (1986) e o 61,2% segundo Nocentini (1990), pertencen a oracións subordinadas; e (ii) que algo máis do 33% dos casos de SOV (corpus A) son oracións subordinadas e, delas, o 25% sono de relativo; máis do 64% de OSV son subordinadas das cales o 50% son de relativo e, por último, un pouco máis do 80% de OVS son subordinadas, das que un 70% son de relativo. En consecuencia, unha cantidade nada desprezable de predicacións do tipo OV non só son subordinadas senón que o son de relativo (case a quinta parte do total de OV). Comentario específico merece o caso de C.F. xa que, alén da desproporción entre oracións principais e subordinadas no texto (43,5% e 56,5% respectivamente), o 61,5% das subordinadas sono de relativo (e en todas elas a ordenación relativa é OV).

(b) *Tempo verbal e modalidade oracional.* Son esencialmente os estudos de índole tipolóxica os que salientan que é a modalidade enunciativa a que deben posuír os esquemas oracionais identificados como básicos. A modalidade oracional e, subsidiariamente, o tempo verbal, é outro dos parámetros que intervén activamente na especial configuración da orde dos constituíntes oracionais. En principio sería esperable que, de non existir indicación do contrario, os datos baseados en exemplos latinos procedesen sempre de estruturas oracionais con modalidade enunciativa. Isto semella cumprirse coa modalidade interrogativa (que, ou non se incorpora ou, se o fai, é de xeito propio), mais non tanto coa imperativa porque, polo que se deduce, as oracións co verbo en imperativo adoitan incluírse máis ou menos sistematicamente a carón das que presentan outras formas verbais (in)finitas.

-Cadro 4-

%	Cic. (B) VnImper./VImper. <i>quod</i>	Teren. VF./VInf./Imper.	M.Ch. Enun./Imper. <i>ut</i>
OV	68,9/62,5	28,1/33,3/10	90,5/73,6
VO	31,1/37,5	71,9/66,7/90	9,5/26,4

[VImper.: Verbo en imperativo; VnImper.: Verbo nun tempo distinto ó imperativo; VF.: Verbo en forma finita; VInf.: Verbo en infinitivo; Enun.: Modalidade enunciativa; Imper.: Modalidade imperativa.]

No cadro 4 verificase en todos os casos unha diferenza a favor de VO co verbo en imperativo que vai dende algo máis de 6 puntos en Cic. ata case 17 en M.CH. e 18 en TEREN. Ademais, xa en Plauto “the order is sometimes reversed when the verb is imperative” (Adams, 1976: 92). Cabrilla (1999) á hora de comprobar cales son as causas que xustifican a diverxencia entre a orde de constituíntes de M.CH. e da P.E. (ambas do s. V) resalta que o tipo de texto fai que na primeira haxa unha porcentaxe moi elevada de oracións exhortativas (case duplican o número das enunciativas) o que repercute

considerablemente nun distinto comportamento a efectos de disposición dos elementos oracionais. Para Puche López (1993) a abundancia de imperativos no relato, sobre todo nos diálogos, é tamén unha das causas que explica que a forma verbal adoite encabezar as oracións (principais) en H.A.¹⁵

(c) *Plano informativo*. É sobre todo a partir de traballos orientados esencialmente dende unha perspectiva funcionalista cando se atende sistematicamente ó nivel pragmático como responsable inmediato na ordenación dos constituíntes da oración latina (cfr. cos estudos xa clásicos de Dirk G. Panhuis, 1982, e mais H. Pinkster, 1995)¹⁶. H. Pinkster reiterou en todos os seus traballos que a orde de palabras en latín “is to a large extent determined by pragmatic factors, such as contrast, saliency of information, and text organisation” (1992: 521). Este mesmo autor (1993 e 1995) pon de relevo que unha análise cualitativa dos textos revela que cómpre estudar atentamente uns principios pragmáticos que privilexian a información a través das posicións inicial e final dunha secuencia, alén da ordenación relativa dos constituíntes que a integran. Tanto en latín coma en galego é posible descubrir nun enunciado informativo os constituíntes ‘información coñecida’ (tema) e ‘información nova’ (rema), así como as funcións informativas foco e tópico (cfr. Pinkster, 1995 e Gutiérrez Ordóñez, 1997).

Conviría destacar, xa que logo, que, coma noutros ámbitos, o plano informativo non mudou substancialmente do latín ó romance galego, nin no repertorio de funcións identificables (cfr. coas anteriores), nin nas estratexias empregadas que eran, e son, de natureza esencialmente distribucional e prosódica (orde de palabras/constituíntes, entonación, pausas, acento de insistencia, posibilidade de elipse... -cfr. Gutiérrez Ordóñez, 1997-). Neste sentido concordamos no esencial con esta visión dos feitos, isto é, que a orde de constituíntes non posuía en latín, coma en galego, unha función de marca representativa de función sintáctica senón que era, e é, o principal recurso que dende a órbita distribucional permitía e permite distinguir e identificar as funcións informativas.

Daquela, e sen perder de vista a perspectiva histórica, cómpre comprobarmos cal é o comportamento da orde de constituíntes nun contexto informativamente neutro, e cun tipo oracional básico¹⁷. Isto é, diante dunha hipotética pregunta *-quid Marcus fecit?*, é *-(Marcus) / catenas rupit* a resposta máis ‘natural’?¹⁸ Consecuentemente, *-(Marcus) / rupit catenas* percibiríase como unha resposta cunha orde (máis) marcada, ‘dis-

¹⁵ Conviría coñecermos sempre en detalle as formas verbais que configuran o estado de cousas oracional: Nocentini (1990: 152), por exemplo, observa que o 79,1% das predicacións con verbo composto da P.E. posúe a orde OV (cando nesta obra a media xeral de OV non alcanza o 40% -cfr. G. Hinojo, 1986 e 2002-).

¹⁶ Así a todo a interpretación da orde de constituíntes latina en termos comunicativos xa se atopa de xeito embrionario nos propios gramáticos clásicos (Quintiliano ou Demetrio) que “elaborano una gerarchia delle diverse posizioni della frase sulla base del loro dinamismo comunicazionale” (Calcante, 2000: 36), dinamismo comunicativo que, dende os parámetros da retórica antiga, se define “su base stilistica e non linguistico-referenziale” (Calcante, 2000: 37).

¹⁷ Que características debe posuír unha oración para que sexa considerada básica ou prototípica? Este é un aspecto fundamental que só en contadas ocasións aparece convenientemente explicitado. Pódennos servir de guía os modelos de Cabrillana (1999) para o latín (i) e mais o de B. López (1997) para o castelán (ii): (i) oracións principais, O e S substantivos, nomes propios ou frases nominais e o verbo nunha forma finita; (ii) oración principal (independente), declarativa e afirmativa con SUX e obxecto nominais, co esquema sintáctico SUX+PRED+CDIR e dous estilos: lingua oral e ensaio.

¹⁸ Interpretétese ‘tema / rema’.

torsionada'. Paralelamente, conviría comprobar se a unha pregunta como *-quid Marcus rupit?* lle seguiría prototipicamente unha resposta como *-catenas rupit (Marcus)* (foco -e información nova- en negra) co que outra opción, por exemplo *-(Marcus) rupit / catenas*, tamén se sentía como 'distorsionada' ou menos (ou nada) esperable. Cousa semellante ocorrería con *-quis catenas rupit? > Marcus / catenas rupit*¹⁹. O transcendente é que tanto en latín coma en galego hai unha resposta máis adecuada (prototípica ou natural) para cada pregunta (pregunta que pode estar implícita ou suposta) e, en cada caso, debemos perseguir o coñecemento da orde de constituíntes con que se manifesta (sempre en igualdades estruturais e informativas).

De observarmos os textos dende a perspectiva pragmática poderemos, daquela, aclarar cales son os factores que en cada caso determinan a orde elixida. Mais debemos ser conscientes de que o labor non é doado e non só pola repetida queixa a propósito da imposibilidade de reconecermos as estratexias de natureza prosódica nuns textos escritos hai dous milenios. Romero Gualda (1985) subliña a necesidade de distinguir tres niveis, [±marcados], no eido da orde de constituíntes: o sintáctico, o semántico e o informativo. A orde non marcada para o castelán sería, respectivamente, SUX-PRED, Axente-Acción-Termo e Tema-Rema. Ó abeiro desta proposta xorde a necesidade de diferenciar claramente os planos pois non hai nada que impida, polo menos teoricamente, que teñamos unha estrutura X (±)marcada nun deles e non nos demais ou viceversa. Observemos as seguintes oracións latinas:

	SOV	[Marcación pragmática] ²⁰		SVO
+				
Pro	(1) <i>Marcus catenas rumpit</i>	[-]	[+]	(1') <i>Marcus rumpit catenas</i>
to	(2) <i>Marcus Spedusam amat</i>	[-]	[+]	(2') <i>Marcus amat Spedusam</i>
tí	(3) <i>Ferrum inimicum necat</i>	[-+]	[+-]	(3') <i>Ferrum necat inimicum</i>
pi	(4) <i>Ferrum aurum rumpit</i>	[+-]	[-+]	(4') <i>Ferrum rumpit aurum</i>
cos	(5) <i>[Tu] quod epulum dedi scis</i>	[+]	[-]	(5') <i>[Tu] scis quod epulum dedi</i> (PETR.)
-				

Verbo da escala de prototipicidade, os catro primeiros exemplos responden á identificación dunha oración básica, non así (5) en que O non é nominal; neles compróbese que en (4) S, [+axentivo], e O son inanimados; en (3) S, [+axentivo], é inanimado mentres que O é animado; en (2) S [+axentivo] e O son animados mentres que en (1) S, axente, é animado e O inanimado. As dúas columnas en que se dividen os exemplos responden estritamente á perspectiva sintáctica a través das ordes (S)OV e (S)VO. Dende a perspectiva informativa (columna central) teríamos que, (supoñendo que todos eles responden a unha hipotética pregunta do tipo *-quid facit S?*), os exemplos (1) e (2) non se sentirían como (nada) marcados, fronte a (3) e (4) en que si existiría

¹⁹ Os exemplos paralelos en galego serían: *-que fixo Marcos? > -(Marcos) / rompeu as cadeas* (e non **(Marcos) as cadeas rompeu*); *-que rompeu Marcos? > -(Marcos) rompeu / as cadeas*; *-quen rompeu as cadeas? > -as cadeas rompeunas / Marcos* ou *-Marcos / rompeu as cadeas*.

²⁰ Na caracterización dos distintos exemplos non acudimos a unha oposición dicotómica, (do tipo 'regra'/'excepción') en termos discretos, senón a unha asignación gradual que reconece a existencia dunha xerarquía na marcación que fai que teñamos exemplos máis ou menos marcados.

a posibilidade de que, de maneira non tan excepcional, houberse respostas alternativas²¹ e (5) que si se identificaría como o máis marcado; de maneira complementaria (1') e (2') percibiríanse como exemplos moi marcados, dende logo moito máis ca (3') e (4') e, por último, fronte a (5') que sería xa a opción menos marcada de todas. Daquela, semella lícito sospeitar que o progresivo movemento na (re)interpretación da marcaxe informativa semella que se foi estendendo a través das estruturas menos prototípicas cara ás máis prototípicas toda vez que a propia sistemática da engrenaxe lingüística coadxuvou a que se fose reforzando, en distintos graos e non coa mesma velocidade -pero inexorablemente-, tal evolución nos distintos contextos.

Para finalizarmos este ítem queremos lembrar a interrelación que establece Nocentini (1990) entre orde de constituíntes, pragmática e aparición do artigo romance. A súa premisa inicial baséase nun argumento de Sandra Thompson segundo o cal a partir do momento en que o artigo posuía o trazo [±coñecido] a súa presenza puido contribuír, de non existiren outros mecanismos, a asociar o nome coas categorías pragmáticas de tema/rema ou coñecido/novo. De inicio interpreta en latín a existencia dunha orde non marcada SOV e dun sistema con flexión casual, que respondía primariamente ás esixencias sintácticas dunha dependencia lineal e, secundariamente, a unha sucesión de base pragmática. Nestas coordenadas a perda da flexión, garante da dependencia lineal, “ha costretto le strutture della lingua ad affidarsi all'ordine fondato su basi pragmatiche, più immediate e universali” (1990: 156). Esta valorización da sucesión tema-rema (lémbrese que a opción VO é xa a non marcada informativamente cando o obxecto é ‘pesado’, cfr. *supra*) implica unha emerxencia dos sinais que vehiculan a estratexia informativa, entre os cales cobra especial relevo o uso dos demostrativos como determinantes en función anafórica ó se converteren en sinais explícitos da tematicidade. Para concluír, “l'irrigidimento dell'ordine SVO, che da non-marcato diventa obbligatorio” nas linguas romances, mercé ó mantemento dos morfemas específicos tanto no ámbito verbal coma nominal (alén da concordancia), permitiu que esa rixidez só fose parcial. A isto contribuíu tamén o desenvolvemento completo do artigo que permite “la permutazione dei costituenti e in primo luogo l'oggetto determinato in posizione tematica e il soggetto indeterminato in posizione rematica” (Nocentini, 1990: 157).

3. A ‘consistencia’

Dende a perspectiva tipolóxica Moreno Cabrera (1991) explica que se proxectamos unha estruturación sobre un conxunto de distintos elementos lingüísticos (ou non) estes serán máis doadamente perceptibles e memorizables. Consonte o anterior Moreno Cabrera comenta que non é estraño, pois, que “las lenguas elijan uno de los órdenes *modificado + modificador* o *modificador + modificado* y que sean bastante consistentes en este sentido” (1991: 67). Isto é, (i) poden elixir -en principio- libremente unha orde; (ii) as ordes son basicamente dúas -presuponse de entrada unha homoxeneidade nos distintos niveis-; e (iii) acostuman ser consistentes, non adoitan aplicar precisamente de xeito arbitrario a elección. Moreno Cabrera subliña que o anterior é, obvia-

²¹ De feito, para Magni (2000: 11) preferiríase en (4) a construción pasiva *inimicus ferro necatur*; en (3), que tamén acudiría á pasiva, temos o problema engadido do sincretismo entre acusativo e nominativo nos neutros.

mente, unha tendencia e non unha lei de cumprimento inexorable, xa que sempre é posible atopar exemplos gramaticalmente correctos coa orde inversa. Agora ben, cada vez que esa estruturación dominante se vexa alterada convirá fixarse no significado especial que se poida asociar a esta orde, consecuentemente, marcada, quer no ámbito semántico, sintáctico ou informativo. Distintos autores (Lehmann, Hawkins ou Oesterreicher entre outros) teñen falado do criterio tipolóxico da consistencia entendida como resposta estrutural harmónica e homoxénea entre as ordes dos diferentes niveis e elementos dunha lingua. De aí que, en palabras de Magni, aumentou gradualmente a cantidade de obxectos posverbais “perché inserita in un processo di deriva talmente forte da causare un riassetto generale e complessivo della relazione tra testa e modificatore” (2000: 9-10). Sen pretendermos esgotar todos os que rodean a orde de constituíntes oracionais en latín²² ímonos centrar en dous básicos no seo da frase: o modificador adxectivo e o modificador coa marca en xenitivo. O cadro 5 recompila algúns datos sobre o primeiro:

-Cadro 5²³.

%		AN	NA
c. V a.C.	D.T.L	41,7	58,3
III-II a.C.	CATO	19,6	80,4
II a.C.	I.A.X.	17,6	82,4
I a.C.	CAES.	82,5	17,5
	(B)	78,4	21,6
	Cic. (B)	64,8	35,3
	(C)	73,4	26,6
	PETR. ²⁴	62,6	37,4
	I.PO.	34,4	65,6
I-II d.C.	TAC.	86,7	13,3
II d.C.	TEREN.	26,4	73,6
IV-V d.C.	P.B.	78,9	21,1
V d.C.	P.E. (A)	32	68
V-VI d.C.	H.A. (A)	51,4	48,6
	(B)	47,2	52,8
VII d.C.	BRAU.	58,9	41,1

[A: Adxectivo; N: Nome.]

²² Xa Adams (1976) se serviu de moitos parámetros para poder advertir cal era a clasificación tipolóxica da orde de palabras en latín. Non facía máis que recoller a semente de Greenberg que, na súa lista de universais, se refería a elementos como as adposicións (pre/posposicións), a marca casual en xenitivo, o lugar que ocupan o adxectivo, as partículas interrogativas, as predicacións subordinadas, o auxiliar nunha perífrase, as comparativas de superioridade, as subordinadas de relativo, etc., como intervinientes na configuración tipolóxica dunha lingua.

²³ Os datos sobre CAES. e TAC. proceden de Hinojo, 1985.

²⁴ A Cena Trimalchionis amosa uns resultados diferentes ós datos globais de PETR.: AN 45,2%, NA 54,8%.

Dos datos precedentes poderíase deducir que a distribución en -acusados- dentes de serra semella non responder a unha distribución regular (polo menos dende a perspectiva cronolóxica). Coma noutras oportunidades, só coñecendo un pouco a fondo a realidade dos datos podemos enxergar mellor unha explicación coherente cos propios feitos lingüísticos. A heteroxeneidade dos datos estatísticos do cadro precedente compróbase, por exemplo: en D.T.L. e mais en I.A.X. só figuran os adxectivos cualificativos; en P.E., coma en PETR., exclúense posesivos, demostrativos, numerais e indefinidos, en I.PO. inclúense os numerais, en P.B. só adxectivos 'descriptivos', de TEREN. sabemos que son principalmente os adxectivos de tamaño e cantidade os que ocupan segundo Adams (1976) a posición marcada (AN), e para Puche López cómpre avaliar os resultados de H.A. (A) á luz de dous aspectos: (i) o carácter formulario do texto; e (ii) as repeticións, que chegan a facer que a asignación sexa realmente mecánica. A información proporcionada por algúns investigadores permítenos discriminar o adxectivo segundo a clase a que pertence o que, a efectos de ordenación ten unha importancia transcendental como se pode advertir no cadro seguinte:

-Cadro 6-

%	AN					NA				
	I.A.X.	CATO	Cic. (B)	P.B.	H.A. (A)/(B)	I.A.X.	CATO	Cic. (B)	P.B.	H.A. (A)/(B)
Dem.	99,7	98,7	85,2	100	85,4 / 75,8	0,3	1,3	14,8		14,6 / 24,2
Pos.	45,5	30,4	48,5	12,5 5,5	13,4 /	54,5	69,6	51,5	87,5	86,6 / 94,5
Num.	67,1	71	83,1		79,2 / 81,7	32,9	29	16,9		20,8 / 18,3

[A: Adxectivo; N: Nome; Dem.: Demostrativo; Pos.: Posesivo; Num.: Num. e Indef.: Numerais e indefinidos.]

Os posesivos, demostrativos, cuantificadores e numerais antepóñense sempre en D.T.L. Constátase novamente, xa que logo, (i) a preferencia por unha posición ou outra de acordo coa clase categorial; e (ii) o distinto comportamento segundo as obras consideradas (con diferenzas que alcanzan os 24, 43 e os 14 puntos para *Dem.*, *Pos.* e *Num./Indef.* respectivamente). A necesidade de discriminarmos no estudo de calquera texto entre clases categoriais faise patente²⁵. Á marxe do precisado no cadro 6 a recapitulación no eido adxectivo semella que pasa pola preferencia da opción NA, documentada dende antigo, opción que se foi consolidando como prototípica (cfr., entre outros, I.PO., TEREN. e P.E.). Así, para Adams, por exemplo, a orde non marcada en latín é NA e a propósito do cambio AN>NA sinala que non se pode datar con total precisión mais "it must certainly have occurred long before Plautus" (1976: 90). Ademais, na súa concepción dos feitos teríamos xa un esquema arcaico coa orde A(subxectivo)+N e N+A(obxectivo), cousa que segundo Ramat (1984) non encaixa cos datos presentes

²⁵ Neste sentido botamos en falta contarmos con datos só dos adxectivos cualificativos para todas as obras. Panchón (1986: 220) sinala que en CAES. (D) a orde usual dos adxectivos 'cualificativos propios' é NA.

en I.Po., a partir dos cales semella cobrar forza a hipótese do xurdimento dunha oposición baseada no carácter [\pm restritivo]. Consonte o anterior o adxectivo en A+N posuiría o trazo [-restritivo] e N+A sería [+restritivo], nunha situación non moi afastada do camiño elixido polo adxectivo xa romance.

A propósito da ordenación de N e A, Cabrillana (1993) realiza un estudo comparativo por casos que revela a seguinte xerarquía tomando as posposicións (NA) e ordenadas de xeito descendente: dativo (46,2%), acusativo (45,6%), nominativo (38,4%), xenitivo (33,7%) e ablativo (22,8%). O parámetro do caso amósase pertinente e permite concluír que, polo menos no corpus estudado de Cicerón, si se pode falar de tendencia clara á anteposición (AN) no ablativo²⁶.

O cadro número 7 recompila porcentaxes de uso da ordenación relativa dos modificadores frásticos en xenitivo:

-Cadro 7

%		AN	NA
c. V a.C.	D.T.L	41,7	58,3
III-II a.C.	PLAUT.	50,9	49,1
	CATO	77,9	22,1
II a.C.	TER.	54,7	45,3
I a.C.	CAES. (A)	57,7	42,3
	(B)	48,5	51,5
	CIC. (A)	48,3	51,7
	(C)	50,6	49,4
I d.C.	I.Po.	30,6	69,4
	QUINT.	64,3	35,7
I-II d.C.	PETR.	46,2	53,8
	IUV.	70,4	29,6
II d.C.	TAC.	59,5	40,5
	TEREN.	30	70
IV-V d.C.	SUET.	50,4	49,6
	P.B.	55,6	44,4
	HIER.	19,9	80,1
V d.C.	VEG.	51,3	48,7
V-VI d.C.	P.E. (A)	6,5	93,5
	H.A. (A)	35,7	64,3
VI d.C.	(B)	40,3	59,7
	A.V.	9,3	90,7
VII d.C.	BRAU.	45,8	54,2

[X: Xenitivo; N: Nome.]

²⁶ Non se amosa relevante o tipo de oración, principal ou subordinada, na que se insiran os exemplos.

Adams (1976) contabiliza ata 23 exemplos de XN en PLAUT. (*Aulularia*) que posúen un carácter formulístico e dos tres exemplos de TAREN. de XN un é unha vella fórmula (*deorum benefico*) e outro está nunha frase formal. Merchán (1982) despois de peenirar distintos exemplos de CATO queda só cos que non responden a un patrón formulístico e, con eles, as porcentaxes varían notablemente ó global reflectido no cadro, pois mentres XN supón o 31,1%, NX posúe o 68,9%. Nas dúas obras de CAES. a porcentaxe é idéntica: só diverxen nun punto entre elas. No caso de CIC. si hai unha diferenza de case dez puntos entre as dúas obras analizadas (*Pro Roscio Amerino* con 54,2% de XN e *Epistula ad Pisones* con 44,8% de XN). No caso de HIER. rexistramos unha enorme diferenza entre os datos procedentes do libro da *Xénese* (1-4) cun 99% de NX e os procedentes de *Epistulae* I cun 63,6% de XN (non esquezamos o respecto na tradución bíblica polo orixinal en hebreo). Polo que se refire a PETR. o fragmento da Cena Trimalchionis lanza unhas porcentaxes lixeiramente favorables para a posposición do xenitivo: XN 42%, NX 58%.

Dos datos que reflicte o cadro 7 podemos deducir (i) que no propio latín arcaico se pode constatar non só que NX é case tan habitual coma XN senón que, a pouco que se investigue (cfr. co parágrafo anterior), se descobre que a meirande parte das estruturas fixadas ou cun carácter formulístico se sitúan na banda de XN; (ii) que, neste sentido, en ningunha fonte se constata un predominio absoluto de XN por riba de NX (só hai un exemplo en que XN alcance o 70% de uso e non hai ningún na franxa do 60%); (iii) mesmo nos autores prototípicos do clasicismo (CAES. e CIC.) hai textos con predominio da orde NX e, en todo caso, XN non desbanca a NX por unha marxe ampla; (iv) é significativo que nas tres fontes de referencia dende a perspectiva latinovulgar (I.Po., TAREN. e P.E.) NX non baixe do 70%; (v) dende o s. V NX sempre é maioritario; (vi) en non poucas ocasións, xa se comentou no parágrafo precedente, o aumento da orde XN débese á existencia de bastantes exemplos que repiten sistemática e case mecanicamente fórmulas fixas. Á vista desta panorámica e sen esquecermos que o herdeiro, e substituto, analítico do xenitivo foi a frase prepositiva con *de*, podemos concluír que o proceso que conduciu cara á interpretación da secuencia NX como a menos marcada das posibles lle leva certa dianteira ó propio avance da opción (S)V.O no seo da estrutura oracional latina²⁷.

4. A xeito de conclusión

As reflexións precedentes centráronse, como selección parcial, nalgúns dos parámetros que demostraron a súa pertinencia á hora de enxergar historicamente a orde de constituíntes oracionais. Son estes e outros moitos os que interveñen en tanto que pezas da mesma estrutura lingüística e, como tales, non se amosan alleas ó movemento das demais. Á vista das páxinas anteriores, confirmamos que son moitos os datos necesarios para comprendermos realmente en toda a súa dimensión o preciso avance do mecanismo da ordenación de constituíntes oracionais en latín. Tan importante coma isto é que eses datos respecten obrigatoriamente unhas esixencias de rigor, cohe-

²⁷ Así, Ch. Elerick (1994) salienta que hai unha serie de cambios que non deberon de ocorrer á marxe dos outros: o cambio XN>NX estaba alcanzado no s. I d.C., o cambio AN>NA seguiu a pouca distancia temporal e, por último, OV>VO probablemente recibiu un estímulo derivado da emerxencia de NX e NA.

rencia, sistematicidade, fiabilidade e representatividade con independencia do marco teórico elixido.

Sen caermos no eclecticismo, coidamos que neste punto en particular da sintaxe histórica tan inadecuado é (i) focalizar nunha única causa a explicación de todo o cambio, coma (ii) relegar automaticamente ó ostracismo da non-pertinencia aqueles factores que, relacionados (in)directamente, semellan ter un papel secundario (a partir de explicacións individuais -por veces *ad hoc*- dos feitos). Tan inadecuado é responsabilizar exclusivamente os factores fonéticos (ou a evicción do sistema casual) do cambio (S)OV>(S)VVO, coma negarlles calquera influencia. Algúns dos cambios fonéticos coexistiron, interrelacionáronse e (des)aceleraron de maneira coimplicativa ó coincidir con outros de natureza morfosintáctica (perda do caso, aumento das estruturas prepositivas -analíticas en xeral-, a aparición do artigo...), semántica (pertinencia dos trazos de animación, individuación e definición...) ou informativa (que xa en época temperá prefería como opción menos marcada para un O pesado a posverbal, o mesmo ca con NX...). E todos eles, en distintos graos, etapas e combinacións, amosan unha influencia recíproca que, dende a perspectiva histórica e consonte o tema que nos ocupa, posibilitan comprender o comportamento, en identidade de condicións estruturais -senlleiramente pragmáticas-, de S, O e V nas distintas fases, incluída a latina, do noso idioma.

BIBLIOGRAFIA

- ADAMS, J. N. (1976), "A typological approach to Latin word order", in *Indogermanische Forschungen*, nº 81, pp. 70-99.
- ADAMS, James N. (1977), *The vulgar Latin of the letters of Claudius Terentianus*, Manchester, Manchester University Press.
- ÁLVAREZ-PEDROSA NÚÑEZ, Juan Antonio (1986), "El orden de palabras en latín: inscripciones arcaicas de tipo jurídico" in *Archivum*, nº 36, pp. 89-104.
- BAUER, Brigitte L. M. (1995), *The emergence and development of SVO patterning in Latin and French*, Oxford, Oxford University Press.
- BOLKESTEIN, A. Machtelt (1989), "Parameters in the Expression of Embedded Predications in Latin" in G. Calboli (ed.), *Subordination and other topics in latin*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins, pp. 3-35.
- CABRILLANA LEAL, Concepción (1993), "Ordenación de constituyentes en la determinación adjetiva en latín" in *Verba*, nº 20, pp. 399-412.
- CABRILLANA LEAL, Concepción (1999), "Type of Text, Pragmatic Function, and Constituent Order", in H. Petersmann & R. Kettemann (eds.), *Latin vulgaire - latin tardif V*, Heidelberg, Universitätsverlag C. Winter, pp. 319-330.
- CALCANTE, Cesare Marco (2000), *Genera dicendi e retorica del Sublime*, Pisa / Roma, Istituti Editoriali e Poligrafici Internazionali.
- ELERICK, Charles (1994), "Phenotypic linearization in Latin, word order universals, and language change", in J. Herman (ed.), *Linguistic Studies on Latin*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins, pp. 67-74.
- GARCÍA SANCHIDRIÁN, M^a Luisa (1994), "El orden de palabras en las cartas de San Braulio", in *Actas del VIII C.E.E.Cl. (Madrid, 23-28/IX/1991)*, Madrid, Ediciones Clásicas, vol. 1, pp. 549-553.
- GUTIÉRREZ ORDÓÑEZ, Salvador (1997), *Temas, remas, focos, tópicos y comentarios*, Madrid, Arco/Libros.
- HINOJO, Gregorio (1985), "Del orden de palabras en el *Satiricón*", in J. L. Melena (ed.), *Symbolae L. Mitxelena Septvagenario Oblatae*, Gasteiz, Euskal Herriko Unibertsitatea, pp. 245-254.
- HINOJO, Gregorio (1986), "El orden de palabras en la *Peregrinatio Aetheriae*", in *Studia Zamorensia* 7, pp. 79-87.
- HINOJO ANDRÉS, Gregorio (2002), "El orden de palabras en latín medieval", in M. Pérez González (coord.), *Actas III Congreso hispánico de latín medieval (León, 26-29/IX/2002)*, León, Universidad, vol. 2, pp. 627-635.
- LÓPEZ MEIRAMA, Belén (1997), "Aportaciones de la tipología lingüística a una gramática particular: el concepto orden básico y su aplicación al castellano", in *Verba*, nº 24, pp. 45-81.
- MAGNI, Elisabetta (2000), "L'ordine delle parole nel latino pompeiano: sulle tracce di una deriva", in *Archivio Glottologico Italiano* 85/1, pp. 3-37.
- MERCHÁN RODRÍGUEZ, Miguel-Ángel (1982), *Catón: "De Agricultura". Orden de palabras: estudio tipológico*, Universidad de Salamanca, Memoria de Licenciatura.
- MORENO CABRERA, Juan Carlos (1991), *Curso universitario de lingüística general. I: Teoría de la gramática y sintaxis general*, Madrid, Síntesis.

- MORENO HERNÁNDEZ, Antonio (198), “Tipología lingüística y orden de palabras en el latín de Terencio”, in *Actas del VII Congreso español de estudios clásicos (Madrid, 20-24/IV/1987)*, Madrid, Universidad Complutense, vol. 1, pp. 523-528.
- NOCENTINI, Alberto (1990), “L’uso dei dimostrativi nella *Peregrinatio Egeriae* e la genesi dell’articolo romanzo”, in *Atti del convegno internazionale sulla Peregrinatio Egeriae, Arezzo 23-25/X/1987*, Arezzo, Accademia Petrarca di L.A.S., pp. 137-158.
- OSTAFIN, David M. (1990), *Studies in latin Word Order: A Transformational Approach*, Ann Arbor, UMI.
- PANCHÓN CABAÑEROS, Federico (1986), “Orden de palabras en latín (César, *B.G.I*; Cicerón *Pro Milone*)”, in *Studia Zamorensia* 7, pp. 213-229.
- PANCHÓN, Federico (1996), “Orden de palabras y pragmática en la oración compuesta latina”, in *Minerva*, nº 10, pp. 77-86.
- PANHUIS, Dirk G. (1982), *The Communicative Perspective in the Sentence. A Study of Latin Word Order*, Amsterdam, Benjamins.
- PINKSTER, H. (1992), “Notes on the Syntax of Celsus”, in *Mnemosyne*, nº 45/4, pp. 513-524.
- PINKSTER, H. (1993), “Chronologie et cohérence de quelques évolutions latines et romanes”, in G. Hilty *et al.* (eds.), *Actes du XX^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Zurich, 6-11/IV/1992)*, Tübingen, Francke Verlag, vol. 3, pp. 237-50.
- PINKSTER, H. (1995), *Sintaxis y semántica del latín*, Madrid, Ediciones Clásicas. Trad. da versión inglesa de 1990. [1984¹].
- PUCHE LÓPEZ, M^a Carmen (1993), *Un estudio de las cláusulas en la novela Historia Apollonii Regis Tyri*, Univ. de Murcia, Tese de doutoramento, vol. 1.
- RAMAT, Paolo (1984), “Per una tipologia del latino pompeiano”, in *Linguistica tipologica*, Bologna, Il Mulino, pp. 137-142.
- RIZZI, Elena e MOLINELLI, Piera (1994), “Latin and Greek compared: word order in a bilingual papyrian text (*P. Bon. 5*)”, in J. Herman (ed.), *Linguistic Studies on Latin*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins, pp. 113-127.
- ROCA ALAMÁ, M^a José (2003), “El marco predicativo de *accuso* en latín tardío”, in J. Miguel Baños Baños *et al.* (eds.), *Praedicativa: complementación en griego y latín*, Santiago de Compostela, Universidade, pp. 167-183.
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. (2000), “A xerarquía da animación do latín ó galego e ó portugués”, in J. M. Carrasco *et al.* (eds.), *Actas del 1^{er} Encuentro de Lusitanistas Españoles. Cáceres, 10-12/XI/1999*, vol. 2, Cáceres, Univ. de Extremadura, pp. 845-863.
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. (no prelo), “Verbo da orde relativa dos constituíntes oracionais non-clíticos do latín ó galego medieval”, in *Verba*, nº 31, 2004.
- ROMERO GUALDA, M. V. (1985), “Orden de los elementos oracionales en español”, in *Rilce*, vol. 1, nº 1, pp. 91-111.
- THÉORET, Michel (1982), *Les discours de Cicéron. La concurrence du tour casuel et du tour prépositionnel*, Montréal, Université de Montréal.
- VÄÄNÄNEN, Veikko (1987), *Le Journal-Épître d’Égérie (Itinerarium Egeriae). Étude linguistique*, Helsinki, Academia Scientiarum Fennica.
- VENNEMANN, Theo (1974), “Topics, subjects, and word order: From SXV to SVX via TVX”, in J. M. Anderson & C. Jones (eds.), *Historical linguistics*, Amsterdam, North-Holland, vol. 1, pp. 339-376.

- VILELA, Mário (1999), *Gramática da Língua Portuguesa*, Coimbra, Almedina.
 ZAMBONI, Alberto (1998), “Cambio de lingua o cambio de sistema? Per un bilancio cronologico della transizione”, in J. Herman (ed.), *La transizione dal latino alle lingue romanze*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, pp. 99-127.

Obras latinas citadas

- A.V.: *Anonymus Valesianus II* (s. VI d.C.); (A) [in Adams 1977]; (B) parágrafos 38-57 [in Adams 1976].
 BRAU.: 32 cartas de San Braulio, bispo de Zaragoza (s. VII d.C.) [in García Sanchidrián 1994].
 CAES.: Cajus Julius Caesar (s. I a.C.); (A) *De bello Gallico* I, 1-15 [in Adams 1976] e (B) *De bello Gallico* I [in Panchón 1986].
 CATO: M. Porcius Cato (ss. III-II a.C.); *De agricultura* [in Merchán 1982].
 CIC.: M. Tullius Cicero (s. I a.C.); (A) *Pro Roscio Amerino* 1-34 e *Pro rege Deiotaro* [in Adams 1976]; (B) *Epistulae ad Atticum* I [in Cabrilla 1993 e 1999] e (C) *Pro Milone* [in Panchón 1986].
 C.F.: Carta de Fundación da Igrexa de Lardosa (882 d.C.) [edición de A. Emiliano in “O mais antigo documento latino-português (882 a.D.) -edição e estudo grafémico-”, *Verba* 26, 1999, pp. 7-42].
 D.T.L.: *Duodecim Tabularum Leges* (c. 450 a.C.) [in Adams 1976].
 H.A.: *Historia Apollonii regis Tyri* (ss. V-VI d.C.) [in Puche López 1993: (A) e (B) responden, respectivamente, ás dúas recensións, RA e RB, da obra].
 HIER.: Sophronius Eusebius Hieronymus; *Epistulae* I, VII, XIV, XXXVIII e XLV (ss. IV-V d.C.) [in Ostafin 1990].
 I.A.X.: Inscricións arcaicas xurídicas (s. II a.C.). Inclúe fragmentos que pertencen a: *Decreto de Paulo Emilio, S.C.B., Senado Consulto de Pago Montano, Sentencia dos Minucios e Lei Acilia* [in Álvarez-Pedrosa Núñez 1986].
 I.PO.: Inscricións de Pompei (s. I d.C.) [in P. Ramat 1984].
 IUV.: D. Iunius Iuvenalis; *Scholia*, Sátiras I-III; (ss. I-II d.C.) [in Adams 1976].
 M.CH.: *Mulomedicina Chironis* (s. V d.C.) [in Cabrilla 1999].
 P.B.: *Papyrus Bononiensis 5* (ss. IV-V d.C.) [in Rizzi e Molinelli 1994].
 P.E.: *Peregrinatio Egeriae* (s. V d.C.); (A) [in G. Hinojo 1986 e 2002]; (B) [in Nocentini 1990].
 PETR.: Petronius Arbiter; *Satiricon* (s. I d.C.); [in G. Hinojo 1985].
 PLAUT.: Titus Maccius Plautus; *Captivi, Amphitruo* 1-400, *Aulularia* 1-325, *Asinaria* 1-380, *Miles Gloriosus* 1-500; (ss. III-II a.C.) [in Adams 1976].
 QUINT.: M. Fabius Quintilianus; *Declamationes Minores*, pp. 1-31; (s. I d.C.) [in Adams 1976].
 S.C.B.: Senatus Consultum de Bacchanalibus (186 a.C.) [in Adams 1976].
 SUET.: Cajus Suetonius Tranquillus; *Caligula* 1-16; (s. II d.C.) [in Adams 1976].
 TAC.: Cornelius Tacitus; *Annales* XIV; (ss. I-II d.C.) [in Adams 1976].
 TER.: Publius Terentius Afer; *Andria* 1-300; (s. II a.C.) [in Adams 1976].
 TEREN.: Cartas en latín de Claudius Terentianus (s. II d.C.) [in Adams 1977].
 VEG.: Flavius Vegetius Renatus; *Epitoma rei militaris*, pp. 1-20; (ss. IV-V) [in Adams 1976].